



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/dobre-grao-enxenaria-agricola-agroalimentaria-enxenaria



Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural



www.usc.gal



Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

Este dobre grao habilita para exercer as profesións reguladas de Enxeñeiro Técnico Agrícola e Enxeñeiro Técnico Forestal, con todas as atribucións profesionais recoñecidas pola lexislación vixente. Estas titulacións teñen recoñecemento a nivel europeo ao estar adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Tipo Presencial

Área Enxeñaría e Arquitectura

Centro Escola Politécnica Superior de Enxeñaría
Rúa Benigno Ledo, 27002
Lugo
eps.secretaria.direccion@usc.es

Campus Lugo

+info www.usc.gal/gl/estudios/graos/enxenaria-arquitectura/dobre-grao-enxenaria-agricola-agroalimentaria-enxenaria

Presentación

Duración: 5 anos
Prezo: UE: 900 € aprox. / curso
Non UE: 5.200 € aprox. / 1º curso consultar
Número de prazas: 10
Nota de corte: 6,626
Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

O programa de simultaneidade baséase nun itinerario formativo que permite adquirir as competencias de ambas titulacións en 5 cursos académicos cursando un total de 352,5 créditos ECTS. As materias incluídas nos cursos do itinerario formativo son comúns nos primeiros cursos e varían nos últimos cursos en función da mención do Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria seleccionada.

Este Dobre Grao contempla 3 itinerarios que permiten, partindo dunha única mención no Grao de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (Explotacións Forestais), acadar unha das mencións diferentes do Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria: Explotacións Agropecuarias, Hortofruticultura e Xardinería, e Mecanización e Construcións Rurais.

Ademais, realizaranse dous Traballos Fin de Grao, un por cada grao, cun contido de 12 ECTS cada un deles, de xeito que cada TFG poda abarcar as competencias e contidos da titulación correspondente.

Mobilidade e prácticas

O Servizo de Relacións Exteriores xestiona os diferentes programas de intercambio existentes con outras universidades nacionais (SICUE), europeas (ERASMUS) e extracomunitarias (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

O programa de simultaneidade contempla a posibilidade de realizar prácticas externas relacionadas coas competencias das titulacións que poden ser recoñecidas por créditos optativos.



O Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural ostenta o Selo de Calidade europeo EUR-ACE® para titulacións de enxeñaría e o Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria está pendente da súa obtención en xullo de este ano 2020.

Ademais, os dous graos acadan desde 2017 os primeiros postos das titulacións españolas de ámbito agrario e forestal segundo o ranking independente elaborado pola Fundación BBVA e o IVIA.

